

Ano 1971 **Duración** 92 min. **Dirección** Jean Rouch **Guión** Improvisado durante a rodaxe **Axudante de dirección e fotografía** Philippe Luzuy **Montaxe** Josée Matarasso, Dominique Villain **Música** Enos Amelolon, Alan Helly, Amicale de Niamey **Iluminación** André Cotin, Djingarey Maïga **Vestuario** Louis Féraud **Intérpretes** Damouré Zika, Lam Ibrahima Dia, Illo Gaouadel, Safi Faye, Ariane Bruneton, Philippe Luzuy, Tallou Mouzourane, Moustapha Alassane, Idrissa Maïga, Marie, Alabora Maïga, Zomo e os seus irmáns, Charles Chaboud e o equipo SEURA **Distribución** Intermedio

Sinopse Damouré, que canda a Lam e Illo dirixe en Ayorou (Níxer) a sociedade de importación e exportación Petit à Petit, decide construír un gran *building* na súa aldea. Parte a París para ver «como se pode vivir en casas de varios pisos». Na capital, descobre as curiosas maneiras de vivir e de pensar da sociedade parisiense, que describirá nunha sorte de *Cartas persas* enviadas regularmente aos seus compañeiros. Ata que estes, pensándoo tolo, envían a Lam para que o leve de volta...

ABRIL LUCRECIA MARTEL

Martes 10 ás 21:00 h **LA CIÉNAGA**
(2001, Arxentina, 102 min.)

Martes 17 ás 20:30 **LA NIÑA SANTA**
(2004, Arxentina, 106 min.)

Martes 24 ás 20:30 **ZAMA**
(2017, Arxentina, 115 min.)

Olo! A sesión do día 10 comezará ás 21:00 h. As demais manteñen o horario habitual. Desculpade as molestias!

www.facebook.com/cineclubepontevedra cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo



PETIT À PETIT

JEAN ROUCH

JEAN ROUCH, ESPÍRITO DE CINE

«Comín tambores e bebín címbalos». Así se definía Jean Rouch, coma un ogro dos ritmos. Agora, no triste momento en que a festa rematou, haberá que retomar a fórmula de *Les maîtres fous* (1953): «O tráfico nunca para», e facer un chamamento para lembrar o que nos gustaría que seguise vivo da súa inmensa obra.

O RAI

En 1942, Rouch ten 25 anos. Enxeñeiro de pontes e camiños, supervisa a construción de estradas en Nixer levando por toda equipaxe a *Fenomenoloxía do espírito*, de Hegel, e *A África pantasmal*, de Leiris. Unha treboada desátase sobre unha zona de obras e mata dez dos seus obreiros. Dongo, o xenio dos raios, debe ser exorcizado dos cadáveres. Rouch asiste á cerimonia e, feliz discípulo do surrealismo, atópalle tanto interese etnolóxico (envía axiña as súas descrições a Marcel Griaule) coma «beleza convulsa».

Dupla visión que, ao longo dos seus aproximadamente 150 filmes, xa non o ha abandonar: ese raio inaugural marcaría toda a súa obra coma unha costura eléctrica, ligando na súa luz brillante a análise científica dos animismos cun animismo de análise. Igual que Stan Brakhage (falecido un ano antes), Jean Rouch era un dos poucos vitalistas do cinema, que cría na capacidade deste tanto para transmitir a lóxica das relacións entre os fenómenos como para mostrar as súas forzas e enerxías profundas. Danza ou palabra, posesión ou dobraxe, documentais ou ficcións, todos os seres semellan axitarse polos raios que os atravesan, os ligan, os intercambian. Euforia de *Jaguar* (1954), onde tres amigos sempre en camiño, na sabana e na cidade, atópanse, sepáranse, vólvense buscar, sen deixar nunca de falar. A gran invención de Rouch é o *raccord* en movemento perpetuo, deixando os corpos atónitos ao paso dunha forza que os excede e poñendo en rigorosa continuidade, nas imaxes, o que outros cines separan: o documento e a invención, o observador e o actor, o sonoro e o mudo, o Branco e o Negro.

UNHA PEL SANGRANTE

O vitalismo é menos un método ca unha esixencia. Rouch deulle un nome: «cine-transo», polo que «a cámara pasa a estar tan viva coma as persoas que filma». O cineasta divírtese: o cámara, di, debe estar en «improvisación xestual dinámica» e privilexiar o «método de aproximación», o que é tanto coma dicir que non é en absoluto un método senón unha arte. [...] «Comer tambores» é a outra fórmula do cine-transo. Nun texto de 1971, *Ensaio sobre os avatares da persoa posuída, do mago, do bruxo e do etnógrafo*, Rouch explicaba que en certas etnias africanas, durante

a cerimonia de posesión, o xenio neutraliza o «bia» do danzante recubríndoo coa pel ensanguentada dun animal recentemente esfolado, despois de entrar no seu corpo. O «bia» é indistintamente a sombra, o reflexo e a alma; a súa captura é asimilable a unha toma de imaxes conducida e sostida polo tambor. Pero só o cinema podería realizar plenamente a captura ritual. Rouch afirmaba que «a cámara é a pel sangrante do xenio posuidor», polo que, a cámara, seguindo a imaxe do corpo, sería o que o cubriría dunha pel nova e fabulosa. As ceremonias tradicionais convértense, así, nos elementos rituais de figuración que debuxan unha posta en abismo do nacemento das imaxes: a cámara dá o ritmo e o tambor filma. [...]

O ENERGÚMENO

Xenios, ludiños ou posuídos, narradores verbosos de *Moi, un noir* (1958) ou de *Petit à petit* (1970), anciáns poetas extasiados e hilarantes de *En une poignée de mains amies* (codirixida con Manoel de Oliveira, 1992), todos os personaxes de Rouch son energúmenos, excéntricos e divertidos, mais, sobre todo, desbordan enerxía. Gilbert Rouge, etnomusicólogo que traballou co cineasta, explica que nos primeiros tempos da cristiandade dicíase da xente en transo que eran «energúmenos» movidos por unha «enerxía» sobrenatural que se lle atribuíu, segundo o caso, a deus, ao espírito ou ao demo. En Rouch, o energúmeno articula sobre o seu propio corpo o vitalismo, os cambios e as inestabilidades figurativas, nun aquel de teoría espontánea das imaxes. Toda imaxe é un cruzamento, unha costura, un *raccord* en movemento: é en parte o que Deleuze chamaba a «fabulación» rouchiana, o *raccord* incesante do personaxe documental sobre unha ficción máis grande ca el mesmo, mais sen considerar a dimensión visual. Na última secuencia de *Moi, un noir*, Oumaron, chamado Edward G. Robinson, segue en liña recta a beira do río. El é el, é o actor americano, é o soldado de Indochina baixo unha chuvia de granadas. A súa marcha seguida en *travelling* lateral está sincopada por caídas, xestos vehementes, bruscas aceleracións, paradas repentinas: un desfile que fai el só, cunha infinidade de pausas e de identidades que se suceden nunha mesma carreira, mentres que estrañamente pode oírse o son dunha árbore que cae. Agora que Rouch marchou, só nos queda desexar que regresen os energúmenos, que dinamiten as asignacións e transformen as imaxes en obras da construción: eles son un espírito de cine.